



Entrevistamos a...



Justo de Benito Basanta
SECRETARIO XERAL
DE CALIDADE E AVALIACIÓN
AMBIENTAL DA XUNTA
DE GALICIA

"Desde a Consellería animamos aos cidadáns responsables a comunicar prácticas incorrectas na xestión dos residuos"

[Ler máis...](#)



José Adolfo Blanco Villar
ARTISTA

"Montar obras de arte a partir de material de refugallo é a miña paixón"

[Ler máis...](#)

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos



As primeiras inspeccións das illas de reciclaxe do programa educativo deixan constancia de que os nenos e nenas interiorizaron a importancia da segregación de residuos en orixe.

[Ler máis...](#)

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

[Ler máis...](#)

Vidro e aceiro con mil vidas

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA



Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

O primeiro compost doméstico obtido en 250 vivendas unifamiliares de Guitiriz, Quiroga, Palas de Rei, Ribadeo e Ortigueira foi catalogado como Clase A, a máxima calidade, pola Universidade de Santiago de Compostela.

Máis dun centenar de domicilios dos concellos de Meira, Monforte de Lemos e Mos veñen de incorporarse ao programa de compostaxe doméstica promovido por Sogama. En total, xa son 31 os municipios galegos adscritos a esta iniciativa.

[Ler máis...](#)

Multimedia

A familia Trebón sigue coas súas aventuras. Capítulo 3



Consulta as novidades do portal educativo Caderno Verde

Redeiras, rede social para o profesorado

Actualidade

Participa en "Segundas oportunidades sempre foron boas. Reacciona!"

[Ler máis...](#)



Eventos

Campaña de educación ambiental en Vedra

Sogama participa no IV Congreso Galego de Medio Ambiente

O Banco Mundial visita o complexo de Cerceda

[Máis eventos...](#)

Receitario

Que comes hoxe?

Dámosche algunhas ideas!



- Ensalada de polbo con tomates secos
- Pastel de mousaka
- Tacos de pescada e ameixa con mollo mariñeiro
- Leite frito

[Ver receitas...](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Boletín Informativo XUÑO 2013



Justo de Benito Basanta

Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

Entrevistamos a...

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Eventos

Actualidade

Receitario

"Superamos as previsións recollidas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020"

Justo de Benito recorda que a concienciación cidadá é un dos factores esenciais para a viabilidade dun modelo de xestión de residuos orientado á reciclaxe, como é o de Sogama. Nesta conversa, o responsable autonómico repasa os obxectivos xa cumpridos do Plan de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020, a inversión de 69 millóns de euros realizada para para o selado e a clausura de vertedorios ilegais e a apertura en 10 anos de 130 novos puntos limpos.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020 configúrase como a folia de ruta a seguir de cara a dispensar aos nosos refugallos a mellor xestión posible durante os próximos anos. Que variables se tiveron en conta para a elaboración deste documento?

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 é un instrumento realista, con obxectivos e prazos concretos, que aposta de forma decidida pola prevención, o fomento da recollida selectiva, coma práctica esencial para a mellora das cotas de reciclaxe, así como pola implicación das Administracións locais e autonómica, e da cidadanía. O diagnóstico da situación preexistente, as particularidades do territorio galego, fundamentalmente no que respecta á distribución da poboación, e a necesidade

"A clausura do vertedoiro de Nequeira de Muñiz, xa en marcha, suporá a súa supresión total en Galicia"

de dar cumprimento ás prioridades, criterios e obxectivos marcados polas Directivas europeas foron os factores determinantes á hora de elaborar un documento que constitúe a guía para implantación en Galicia dun modelo sostible de xestión dos residuos domésticos.

Hai tres obxectivos fundamentais no Plan: reducir a produción de lixo nun 10%, triplicar as porcentaxes de reutilización e reciclado, pasando do 10% actual ao 30%, e minimizar o vertido, baixando do 53% ao 24%. Avanzamos no bo camiño? Queda moito que facer, pero estamos avanzando pola vía correcta. No tocante aos obxectivos de prevención, conseguimos alcanzar unha redución do 6% en 2011, o que significa que estamos superando notablemente as previsións recollidas no propio Plan.

Por outra banda, o cumprimento dos obxectivos de valorización por fracción recollida selectivamente alcanza xa o 42% (papel-cartón: 41%, vidro: 78%, envases lixeiros: 32%) e o cumprimento da Directiva de vertedoiros chega ao 87% segundo os datos de 2011.

As taxas de reciclaxe en Galicia son aínda baixas. En moitos casos dise que os cidadáns contamos coa información necesaria, pero que nos falta concienciación, pecando a veces de certa desidia. Que opina ao respecto?

Un dos factores ás veces esenciais para a viabilidade económica e ambiental dun modelo de xestión de residuos orientado á reciclaxe é a concienciación da cidadanía, que transcenda o mero papel coma xeradora pasiva de residuos para implicarse conscientemente como primeiro elo na súa xestión, que comeza nos propios domicilios a través dunha correcta separación das distintas fraccións e o seu depósito nos correspondentes contedores ou puntos limpos. Por iso, estamos facendo un esforzo especial no eido da comunicación, que se corresponde coa primeira liña estratéxica incluída no Plan. Entre as últimas iniciativas desenvolvidas, cómpre destacar a campaña itinerante de reciclaxe promovida pola Consellería e Ecoembes, na que participaron máis de 17.000 persoas en 66 concellos de Galicia entre setembro 2012 e marzo de 2013. Dado o seu rotundo éxito, foron moitos os concellos que solicitaron unha nova edición da campaña para poder participar e mellorar as súas taxas de reciclaxe.

Persiste a "lenda negra" de que hai municipios que mesturan as distintas fraccións de lixo clasificadas previamente polos veciños, adoptando estes, nun acto de rebeldía, a decisión de non seguir colaborando. Que lle diría a aqueles que deixaron de crer no sistema e como deben actuar no caso de detectar malas prácticas nos servizos de recollida.

Afirmar que estas malas prácticas están xeneralizadas nos Concellos contribúe precisamente a fomentar esa lenda negra e o seu efecto desincentivador cara á cidadanía, polo que debemos ser especialmente prudentes neste aspecto, evitando caer en reduccionismos e combatendo estas condutas cando se produzan. Para elo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental desenvolveu campañas de inspección dos servizos municipais de recollida e sancionou as irregularidades detectadas, na súa meirande parte atribuíbles a algunhas empresas concesionarias.

"A previsión para 2020 é duplicar os 130 puntos limpos que conforman a rede actual"

Considerando que as persoas que na súa práctica cotiá separan as fraccións de residuos domésticos e as depositan nos contedores de recollida selectiva ou nun punto limpo xa manifestan un importante compromiso co medio ambiente, ánimoos a reafirmar ese compromiso poñendo en coñecemento da Consellería aqueles casos nos que se produzan prácticas incorrectas na xestión posterior deses residuos.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia realizou un grande esforzo no proceso de selado e clausura de vertedorios municipais. Como está nestes momentos o mapa galego? Este é precisamente un dos grandes logros da política de xestión de residuos desenvolvida nos últimos anos. Co remate do proxectos de selado e clausura do vertedoiro de Nequeira de Muñiz (Lugo), xa en marcha, alcanzarase a supresión total de vertedorios en Galicia, exceptuando aqueles autorizados en fase de explotación. Trátase dun proceso de décadas, que se iniciou coa posta en marcha de Sogama. Os beneficios ambientais deste proceso son importantísimos.

Sen embargo, os vertidos ilegais continúan a ser un problema nalgúns concellos, véndose estes na necesidade de destinar importantes recursos (humanos, materiais e económicos) para proceder á súa limpeza e erradicación. Que deben facer? Como poden evitar este tipo de actos que atentan directamente contra o patrimonio natural e benestar da poboación?

En primeiro lugar, cómpre seguir traballando en materia de concienciación. Por outra banda, na Administración autonómica fixemos un importante esforzo para axudar aos concellos galegos a levar a cabo as súas competencias en materia de limpeza destes puntos de vertido incontrolado e, o que é máis importante, realizamos un importante investimento en construción de puntos limpos. É nestas instalacións onde os cidadáns deben depositar aqueles residuos que non poden ir aos colectores ordinarios polo seu volume, perigosidade ou especiais características. A previsión para 2020 é duplicar o número de puntos limpos que conforman a rede actual (130). Non obstante, hoxe case o 75% dos cidadáns galegos dispón de servizo de punto limpo. Polo tanto, non hai escusa.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Boletín Informativo XUÑO 2013



José Adolfo Blanco Villar (Adolfo "Asturias")

Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado



[Galería de fotos](#)

"Montar obras de arte a partir de material de refugallo é a miña paixón"

Barcos, coloridos paxaros de caucho, unha tartaruga e unha araña xigante, un Pinocho ou un Don Quixote,... Só é preciso a imaxinación de José Adolfo Blanco Villar para darlle unha nova vida a vellos pneumáticos, ao ferro ou ao vidro tirados no cubo do lixo. Materiais que tiveron outros usos e que agora este veciño de Vedra (A Coruña) transforma en obras de arte "recicladas".

Vostede fabrica obras de arte a partires de materiais de refugallo. Por que ese interese no lixo? Cando descobre esta paixón?

Eu traballei durante 40 anos na banca, en horario de 08:00 a 15:00 horas. Tiña as tardes libres e quería manterme ocupado con algo que realmente me gustara. Despois de facer a miña casa, tarefa na que me axudou a miña muller, comecei a montar obras a partires de material de refugallo. Agora é a miña paixón.

Algunhas persoas que se dedican a estas tarefas "recicladoras" fano dende a dimensión da concienciación, para axudar ao medio ambiente, pero outras fano por puro pracer artístico. En que extremo se sitúa vostede?

A min gústame moito a natureza e estou moi concienciado coa súa protección, pero podo asegurar que, nun 70 por cento, fágoo por puro pracer.

Que materiais utiliza preferentemente no seu traballo artesanal? Porque nalgunha das súas obras podemos apreciar numerosos pneumáticos de coches... E que residuos lle dan máis xogo á hora de crear?

Emprego case de todo. Os pneumáticos son os máis doados de manipular, pero o que me motiva de verdade é traballar o ferro, coa particularidade de que é resistente e aguanta mellor á intemperie. Pola contra, a madeira non me atrae demasiado. Debe ser porque a miña muller apelídase "Carpinteiro" e esta parte déixolla a ela (risas).

Que soe atopar con maior frecuencia no lixo? É dicir, de que materiais nos desfecemos con máis asiduidade?

Eu axudo como voluntario no punto limpo de Vedra e o que máis atopo alí é material eléctrico e electrónico. A razón é obvia: a tecnoloxía avanza a pasos xigantes e os dispositivos quedan desfasados moi rapidamente. A xente sempre quere facerse coas últimas novidades. Pero o material electrónico non me gusta, non da xogo para a creación artesanal.

Vostede é un xubilado de banca que agora emprega o seu tempo libre nestes mestres. Coa alta calidade do seu labor artístico, pensou nalgún momento en levar a cabo algunha exposición ou en converter este hobby na súa nova profesión?

A banca non era o meu e dende os 53 anos teño o privilexio de inverter o tempo no que me enche e satisfai. A verdade é que non me seduce o tema das exposicións. Entrañan unha notable dificultade loxística (moitas das miñas creacións teñen un gran tamaño) e moita organización. Todos os meus traballos están expostos na miña casa e os que queren velos, non teñen problema.

Nalgunha das súas obras podemos visualizar a simulación de moitos paxaros voando. Lixo para facer natureza. É posible?

Teño catro ou cinco paxaros, que están colgados das árbores do meu xardín, e en cuxa elaboración utilicei rodas de coches.

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Eventos

Actualidade

Receitario

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Certifican de excelente calidade o compost obtido en 250 vivendas de Guitiriz, Quiroga, Palas de Rei, Ribadeo e Ortigueira

O primeiro compost doméstico obtido en 250 vivendas unifamiliares de Guitiriz, Quiroga, Palas de Rei e Ribadeo (Lugo) e en Ortigueira (A Coruña) foi catalogado como Clase A pola Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela). Isto significa que, segundo as mostras analizadas, o fertilizante fabricado a partir de restos orgánicos nos composteiros entregados por Sogama aos respectivos concellos cumpre todos os requisitos de calidade recollidos na normativa vixente para ser usado como abono con absolutas garantías.

Os composteiros, de 360 litros e fabricados con material reciclado e reciclable, axudan a levar a cabo un proceso máis hixiénico e controlado



O éxito alcanzado no programa de autocompostaxe foi tal que varios destes concellos están avaliando estendelo a outras vivendas que xa demandaron incorporarse á iniciativa. De seguro que uns excelentes resultados son os que tamén obterán as máis de cen vivendas dos concellos de Meira, Monforte de Lemos e Mos que acaban de incorporarse ao programa de compostaxe doméstica promovido por Sogama e ás que se lle entregaron outros tantos composteiros. En total, xa son 31 municipios galegos e preto de 1.400 fogares os adscritos a esta iniciativa.

O programa de autocompostaxe impulsado por Sogama neste cinco concellos de Lugo e A Coruña arrancou en maio de 2012 tras a distribución, por parte da empresa pública, de 50 composteiros de 360 litros por localidade. Un dos obxectivos perseguidos era aproveitar os restos de materia orgánica dos fogares como fertilizante natural e, en consecuencia, reducir en torno a un 40-60 por cento os residuos depositados nos contedores verdes convencionais.

Os representantes municipais, que asistiron a un curso de formación, asumiron o rol de mestres composteiros e despois, encargáronse de ensinar a técnica ás familias adscritas e de efectuar un seguimento de todo o proceso. Así mesmo, Sogama tamén facilitou diverso material didáctico e divulgativo no que se describían os pasos a seguir para fabricar o compost.

As análises do abono resultante acreditan que practicamente todos os parámetros se sitúan dentro da normalidade e se adecúan á normativa vixente. Non obstante, as porcentaxes de humidade, lixeiramente superiores á media debido con probabilidade ás frecuentes choivas dos últimos meses, aconsella que os usuarios deixen secar o compost resultante antes da súa aplicación.

Menos residuos, máis cartos

Durante o desenvolvemento do programa, os concellos tamén repartiron entre os veciños bolsas de cores reutilizables de 20 litros de capacidade, proporcionadas por Sogama e elaboradas a partir de polipropileno reciclado. A pretensión é facer máis cómoda a selección de refugallos no fogar, intentando así mellorar as taxas de reciclado a nivel municipal. Hai que recordar que a correcta separación dos residuos en orixe supón un evidente beneficio medioambiental debido ao aforro de enerxía e materias primas, pero tamén económico. Unha maior cantidade e calidade do material remitido aos centros recicladores reduce a factura que os concellos deben pagar a Sogama, obtendo ao mesmo tempo uns maiores ingresos polo material recuperado.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Eventos

Actualidade

Recetario

Síguenos en...



www.sogama.es



As primeiras inspeccións do “Recíclate con Sogama” dan conta dos bos resultados alcanzados polos 3.700 alumnos participantes

O programa educativo “Recíclate con Sogama 2012-2013” entrou na súa última fase. Tras a avaliación das memorias finais enviadas polos 16 colexios adscritos á iniciativa, as comunidades educativas concorrerán a tres premios canxeables por material didáctico. Os resultados das primeiras inspeccións foron, en xeral, moi positivos.



Nenos debuxando un cartel para o programa “Recíclate con Sogama”

O programa educativo “Recíclate con Sogama 2012-2013” entra na última fase. Despois duns frutíferos meses nos que 16 colexios de infantil e primaria de toda Galicia levaron a cabo un intenso traballo co obxectivo de integrar a xestión sostible dos residuos urbanos nos seus hábitos diarios, chega á etapa de avaliación das accións desenvolvidas.

A pretensión desta iniciativa na que participan 3.700 alumnos e 160 profesores é facer chegar ás escolas e ás familias a im-

portancia da correcta separación dos refugallos para facilitar o seu reciclado, contribuír ao aforro de enerxía e materias primas.

A principios de ano, Sogama proporcionou aos centros adscritos as denominadas illas de reciclaxe. Cada unha delas está formada por tres contedores de 120 litros de capacidade destinados a acoller, no caso do amarelo, os envases de plástico, as latas e os briks, no caso do azul, o papel/cartón, e no do verde convencional, a fracción resto. Aos colexios con servizo de comedor subministróuselles un composteiro para elaborar abono de calidade a partir de restos orgánicos.

Outras accións consistiron na creación de blogs medioambientais, realización de obradoiros, vídeos ou enquisas apoiados polo material divulgativo editado por Sogama. Cada un dos colexios tamén recibiu a visita do xogo xigante dos residuos.

Os centros preparan agora as memorias dos proxectos que serán revisadas pola Consellería de Educación e por Sogama, os dous entes promotores deste programa educativo. Ademais, todos eles teñen a oportunidade de concorrer a premios (de 1.000, 700 e 300 euros) canxeables por material educativo.

Erros comúns

Sogama xa realizou as primeiras inspeccións das illas de reciclaxe e, se ben os resultados foron bos, detectáronse erros comúns en relación ao uso do recipiente de cor amarela. É o caso da presenza de obxectos plásticos que non son envases nin envoltorios como luvas, cubertos e palliñas propias dos briks de zume.

Os resultados finais alcanzados por cada centro dependerán do grao de cumprimento dos obxectivos contemplados no plan Proxecta da Xunta de Galicia ou do interese e a implicación mostrada polos rapaces, entre outros factores. Neste sentido, Sogama xa comprobou que os centros interiorizaron perfectamente as vantaxes que ten a reciclaxe da materia orgánica en orixe. Hai casos nos que, ademais de usar o composteiro, entregaron os restos orgánicos á veciñanza para a fabricación de abono ou para alimento do gando. Tamén se tivo constancia de colexios que regalaron o seu excedente compost.

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Eventos

Actualidade

Receitario

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Sogama pon á venda o aluminio contido no residuo xenérico, contribuíndo así á súa recuperación e reciclado



Aluminio almacenado no complexo de Cerceda para o seu envío a centros recicladores

A Sociedade Galega do Medio Ambiente vén de poñer á venda o aluminio contido no lixo en masa procesado no complexo industrial de Cerceda dende 2012. Cada mes, Sogama chega a clasificar da orde de 20-30 toneladas, unha cifra que dá conta da gran cantidade de residuos impropios que se tiran no contedor verde convencional.

Este aluminio destinado á reciclaxe é seleccionado mecánicamente na planta de elaboración de combustible (PRTE) de Sogama a través de correntes de Foucault. Tras a súa almacenaxe, a entidade pública abre un concurso público dirixido a empresas cualificadas como recuperador ou reciclador autorizado, tal e como se contempla na Lei de Envases. O destino final do material é a fundición, garantindo, conforme á lexislación vixente, a correcta xestión dos posibles elementos impropios contidos no mesmo.

Dende 2009, Sogama posibilitou a reciclaxe dun total de 1.346,23 toneladas de aluminio. En concreto, 457,12 t en 2009, 298,27 t no ano seguinte, 280,58 t en 2011, e 310,26 t en 2012. Pola súa venda, ata 2011, a entidade recibiu uns ingresos de 565.000 euros.

As grandes vantaxes do aluminio reciclado

Os beneficios da reciclaxe do aluminio son múltiples xa que non existe límite ao número de veces que se pode fundir e volver usarse. De feito, a lata dun refresco que bebemos en calquera momento puido ser parte doutro envase hai vinte anos.

A reciclaxe dunha tonelada de aluminio (ao redor de 63.000 latas) evita a utilización de 4,5 toneladas de bauxita, 1,3 toneladas de lignito e a enerxía eléctrica equivalente a uns 36 barriles de petróleo. Ademais, producir latas con aluminio reciclado minora a contaminación do aire nun 95 por cento.

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaluación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Eventos

Actualidade

Receitario

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Sogama obterá uns ingresos económicos superiores ao millón de euros anuais grazas á recuperación de vidro e de aceiro residual



Iglú verde para o reciclado de vidro

Por primeira vez na súa historia, Sogama posibilitará a reciclaxe efectiva do vidro e do aceiro residual (aquele que polo seu tamaño ou por estar mesturado con outros elementos –plásticos, teas, etc.– non pode ser separado polos sistemas electromagnéticos) recuperados no complexo medioambiental de Cerceda. No primeiro caso, a empresa pública obterá ingresos anuais superiores a 450.000 euros e no segundo, o rendemento oscilará entre os 580.000 e os 830.000 euros.

Danigal, firma adxudataria do servizo de recuperación de vidro por un período de catro anos, cobrará a Sogama 19,95 euros/tonelada de vidro recuperada. Non obstante, no marco dun acordo formalizado con Ecovidrio, a empresa pública percibirá 35 euros/tonelada. Deste xeito, o beneficio neto de 15,05 euros é dúas veces superior ao considerado inicialmente.

A previsión é posibilitar a reciclaxe dunha media de 30.000 toneladas anuais de vidro. Ás 14.000 toneladas ao ano que se recuperan do lixo en masa por procesos mecánicos (mesas densimétricas), hai que engadir a evacuación progresiva das 170.000 almacenadas no depósito de inertes do complexo industrial desde a súa apertura en 2000.

Neste contexto, e en paralelo a esta novidosa iniciativa, Sogama seguirá traballando a través das distintas campañas educativas para promover entre a cidadanía a correcta selección dos envases de vidro e o seu depósito nos iglús verdes. Aparte dos beneficios ecolóxicos, a axeitada separación en orixe axuda aos concellos a obter unha maior rendibilidade económica xa que, por unha parte, logran reducir o peso do lixo convencional entregado a Sogama e, pola outra, incrementar os ingresos procedentes do Sistema Integrado de Xestión Ecovidrio.

No caso da recuperación do aceiro residual, Sogama tamén prevé contribuir en gran medida a incrementar as porcentaxes de reciclado deste material en Galicia, ao tempo que obterá un importante beneficio económico dun material cuxo destino era, ata hai pouco, o vertedoiro de Areosa, desperdiciando o valor contido no mesmo.

O importe da adxudicación, que recae na firma Danigal Recuperaciones Férricas, S.L.U, ascende a 75,30 euros por tonelada recuperada + IVE. A partir deste momento, ás 600-900 toneladas mensuais de aceiro que se veñen seleccionando na planta de elaboración de combustible (PRTE) a través de procesos automáticos, uníranse as 700-1.000 toneladas de aceiro residual, posibilitando deste xeito o reciclado de máis do dobre do material que viña sendo clasificado ata o día de hoxe.

Cento por cento reciclable

Tanto o vidro como o aceiro son cento por cento reciclables e moitos os exemplos que se poden dar de mostra. Por cada envase de vidro que se recicla afórrase enerxía para manter un televisor aceso tres horas ou unha lámpada de 100 W durante unhas catro, reducíndose a contaminación do aire nun 14-20 por cento. E coa reciclaxe dun quilo de latas de aceiro afórrase, por exemplo, a enerxía suficiente para manter acendida unha lámpada de 60 W dous días.

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Multimedia

Eventos

Actualidade

Receitario

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Boletín Informativo XUÑO 2013



Un momento da firma do convenio na Casa Consistorial de Vedra

O Concello de Vedra pon en marcha unha ambiciosa campaña de educación ambiental

O alcalde de Vedra, Carlos Martínez, e o presidente de Sogama, Luís Lamas, formalizaron a finais de abril un acordo de colaboración para implantar e desenvolver un programa de educación ambiental en materia de residuos urbanos dirixido aos distintos sectores sociais do municipio. O obxectivo é concienciar aos veciños da necesidade de aplicación dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) para a correcta xestión dos residuos urbanos.

A campaña consiste, entre outras accións, na implantación do programa de compostaxe doméstica en novas vivendas, a dotación de contedores de recollida selectiva para as escolas e a subministración de minicontedores de pilas. Cartelería, folletos informativos, merchandising e outro material divulgativo complementan esta colaboración entre o Concello de Vedra e Sogama, que se verá reforzada pola visita do xogo xigante dos residuos ás aulas de primaria da localidade.

Así mesmo, e coincidindo coa Semana do Medio Ambiente, a celebrar a principios de xuño, a empresa pública financiará o aluguer dun autobús para que veciños do municipio poidan visitar o complexo industrial de Cerceda e tomar conciencia da importancia da súa colaboración no sistema.

Luís Lamas expuxo a maior eficiencia industrial de Sogama e a súa firme aposta pola reciclaxe no IV Congreso Galego de Medio Ambiente



Un momento do IV Congreso Galego de Medio Ambiente

O Centro de Visitantes do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, con sede en Vigo, acolleu entre o 6 e o 10 de maio, o IV Congreso Galego de Medio Ambiente e Saúde. A convención estruturouse en cinco sesións plenarias dedicadas á loita contra o cambio climático, a calidade da auga, a xestión dos refugallos urbanos, os recursos naturais e o desenvolvemento sostible.

O presidente de Sogama, Luís Lamas, foi un dos catro poñentes que participaron no relatorio dedicado aos residuos urbanos. O responsable da entidade pública explicou os eixes do modelo polo que apostou a Sociedade para o tratamento dos residuos urbanos producidos na maior parte do territorio galego.

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Actualidade

Receitario

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Boletín Informativo XUÑO 2013



Unha delegación do Banco Mundial visita as instalacións de Sogama

Luis Lamas, presidente de Sogama, recibindo á delegación do Banco Mundial

Unha delegación do Banco Mundial integrada por máis dunha vintena de representantes de Acerbaixán, Croacia e Xeorxia, entre eles persoal técnico e cargos políticos, visitaron a comezos de maio o complexo medioambiental de Cerceda. Esta entidade da ONU mostrouse atraída polos beneficios ambientais, económicos e sociais que a posta en marcha do modelo Sogama supuxo para Galicia, tal e como se recolle nun [informe publicado pola Comisión Europea](#) a mediados do pasado ano.

Tras manter un encontro co presidente da Sociedade, Luís Lamas, e co secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia, Justo de Benito, o colectivo participou nun itinerario guiado. Durante o mesmo, explicáronse os fitos máis importantes dende o nacemento da empresa e marco de referencia para a súa creación, ata a actualidade, momento no que dá servizo a un total de 297 concellos (2.316.000 habitantes).

57.000 visitas didácticas

Nas pasadas semanas, as instalacións de Sogama seguiron a recibir visitas de escolares e outros colectivos enmarcadas na súa política de "portas abertas". Polo complexo medioambiental de Cerceda pasaron profesores/as e alumnos/as do obradoiro de emprego Mazaricos-Dumbria (A Coruña), así como estudantes de varios cursos e ciclos do IES Leixa (Ferrol), do IES Fonmiñá, e do colexio de Maristas de Lugo, do CEIP Santa María de A Fonsagrada e do CEIP Plurilingüe A Pontenova.

Son numerosos os centros educativos galegos que anualmente contemplan no seu programa curricular a visita a Sogama como actividade de interese para a súa formación ambiental. Xa son máis de 57.000 as persoas que pasaron polo complexo cercedense, resultando para todas elas, e de acordo cos resultados das enquisas de avaliación facilitadas, unha experiencia satisfactoria que contribúe en gran medida a modificar a súa percepción en torno á problemática que representa o lixo nas sociedades modernas e a necesidade de facer fronte ao mesmo dende o esforzo individual e colectivo.



Alumnos do IES Leixa de Ferrol



Galería de fotos

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Actualidade

Receitario

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Boletín Informativo XUÑO 2013

Charla informativa en INTECMAR

O presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, Luís Lamas, impartiu a mediados de maio unha charla informativa na sede do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) na que expuxo o labor desta entidade pública en Galicia. O relatorio enmarcábase no plan de formación deseñado polo instituto para os seus traballadores.

Lamas deu a coñecer os datos máis recentes en torno ao alto rendemento e a produtividade alcanzada nas instalacións de Sogama, o que permitiu levar a cabo unha xestión máis eficiente das máis de 800.000 toneladas anuais de residuos recepcionados no complexo de Cerceda.

Tamén explicou as tecnoloxías e técnicas utilizadas pola Sociedade para que a súa actividade industrial se desenvolva dun xeito respectuoso co contorno e a saúde das persoas, constituíndo a valorización enerxética o sistema de tratamento polo que teñen apostado maioritariamente os países europeos máis avanzados. Recordou tamén a decisión de Sogama de posibilitar a recuperación do vidro e do aceiro residual contido no lixo en masa, o que tamén reportará importantes beneficios á empresa pública.



O mar non é un vertedoiro

Por último, Luís Lamas defendeu a total erradicación dos vertedoiros incontrolados, como pode ser o mar. Instou a órganos que, como INTECMAR, levan a cabo un importante labor neste ámbito, non cedan no seu empeño de velar pola calidade do medio mariño e, en consecuencia, polo benestar das persoas.

Balance no Día da Reciclaxe: 72.600 toneladas recuperadas en catro anos

O 17 de maio, ademais do Día das Letras Galegas, xornada de máxima exaltación da cultura da nosa comunidade, celébrase o Día Internacional da Reciclaxe. Esta é unha efeméride durante a que diversas organizacións a nivel mundial intensifican a información e concienciación social en torno ás vantaxes ambientais, económicas e sociais do reciclado dos residuos e, polo tanto, da importancia trascendental que ten a colaboración cidadá.

Neste día, Sogama tamén quixo facer avaliación do traballo realizado. Nos últimos catro anos posibilitou a reciclaxe de preto de 72.600 toneladas de residuos. Esta cantidade corresponde ás dúas fraccións de refugallos sobre as que a empresa pública ten competencias: a bolsa amarela (envases lixeiros depositados no contedor amarelo) e bolsa negra (fracción resto introducida no contedor verde convencional).

A estas cifras sumáronse as correspondentes á recuperación do vidro e do aceiro residual contidos no lixo en masa, facendo un total de 41.000 toneladas anuais.

Estes datos, unidos ás numerosas campañas de concienciación cidadá que a entidade leva a cabo, veñen corroborar a firma aposta de Sogama pola reciclaxe.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Actualidade

Receitario

Síguenos en...



www.sogama.es



Sogama e a Consellería de Medio Ambiente lanzan a campaña interactiva "Segundas oportunidades sempre foron boas. Reacciona!"



Con motivo do Día Internacional da Reciclaxe, celebrado o 17 de maio, Sogama e a Consellería de Medio Ambiente puxeron en marcha a sétima edición da campaña educativa "Ti es a peza que falta", bautizada nesta ocasión baixo o lema "Segundas oportunidades sempre foron boas. Reacciona!".

A campaña, aberta nesta edición á cidadanía en xeral, canalízase a través do sitio web <http://www.reaccionacontraos-residuos.com> onde se pode atopar información sobre boas prácticas ambientais vinculadas á estratexia dos tres erres e outras opcións como a compostaxe doméstica ou sinxelos consellos, pero moi útiles, para materializar un consumo responsable. ¿Sabedes que con só levar a bolsa reutilizable ou carriño á compra redúcese o consumo dun gran número de bolsas de plástico?

Concurso aberto

Os usuarios tamén poden participar no sorteo dunha fin de semana para dúas persoas no Balneario de Pambre, en Palas de Rei (Lugo). Para isto, e de acordo coas bases do concurso, só teñen que acertar 8 das 10 preguntas incluídas nunha proba de avaliación de coñecementos en liña. O prazo remata o 19 de xullo.

Ademais, e co ánimo de recabar as opinións da poboación, Sogama habilitou neste portal web un apartado no que os que os interesados poderán deixar a súa opinión sobre a xestión e o tratamento de residuos en xeral, e o cometido de Sogama en particular.

Guitiriz liderou unha campaña divulgativa para concienciar aos veciños sobre os beneficios dos 3R

Baixo o lema "Separar... un pequeno esforzo... un gran avance!", o Concello de Guitiriz (Lugo) desenvolveu, entre finais de abril e principios de maio, unha campaña de concienciación veciñal coa que quere mellorar os índices de reciclado no municipio. O principal tema tratado nas charlas informativas impartidas nas 17 parroquias foron os beneficios ambientais e económicos derivados da aplicación do principio dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar) na xestión dos residuos



Os asistentes recibiron diverso merchandising para recordar nas súas casas o contido das charlas. Ademais, co próximo recibo do lixo, o concello remitirá a cada fogar un folleto informativo que resultará de grande axuda na xestión familiar que se faga dos refugallos.

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Eventos

Receitario

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



ENTRANTE

Ensalada de polbo con tomates secos

Nivel de dificultade: **1** **2** **3**

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 4 unids. Os rabos do polbo cocido, separados do corpo e abertos pola metade
- 200 grs. Leituga variada lavada e lista para a montaxe
- 1/2 unidade. Cebola cortada o máis fina posible
- 2 unid. Tomates secos en aceite de oliva
- c/s Vinagre de Módena
- c/s Aceite de oliva
- c/s Sal
- c/s Sal en escamas



ELABORACIÓN:

Para a vinagreta:

- Picar os tomates secos e emulsionar co aceite de oliva, o vinagre de Módena e o sal.

Para a ensalada:

- Colocar a leituga metida dentro dun aro ou algún elemento que lle dea forma á ensalada.
- Pór unha tixola raiada ou lisa ao lume forte, engadir un pouco de aceite de oliva e botar as dúas metades de cada rabo por persoa a dourar.

PRESENTACIÓN:

Colocar dúas metades de polbo en cada prato ao lado da ensalada. Aderezar coa vinagreta de tomates secos e sazonar o polbo co sal en escamas.

c/s: cantidade suficiente

Entrevistamos a...

Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

José Adolfo Blanco Villar
Veciño de Vedra que realiza obras de arte con material reciclado

Mundo SOGAMA

Compost doméstico, grandes beneficios ambientais e económicos

Novas

"Recíclate con Sogama", primeiros obxectivos cumpridos

Case 1.400 toneladas de aluminio reciclado desde 2009

Vidro e aceiro con mil vidas

Multimedia

Eventos

Actualidade

SE PREFIRES CARNE...

Pastel de mousaka

Nivel de dificultade: **1** **2** **3**

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 2 und. Berenxenas en lascas
- 4 und. Patacas en lascas
- 500 gr. Añu cocinado e picado
- 1/2 und. Cebola
- 200 gr. Tomate triturado
- 1/2 l. Leite
- 40 gr. Fariña e manteiga
- c/s Sal e pementa
- c/s Aceite



ELABORACIÓN:

- Dourar as berenxenas en abundante aceite. Reservar.
- Fritir as patacas nese mesmo aceite e reservar.
- Dourar dous minutos a cebola nun pouco aceite, engadir o tomate e botar a carne de añu. Ferver cinco minutos e sazonar.
- Nunha tixola derreter a manteiga e engadir a fariña. Incorporar o leite e deixar ferver 2 minutos. Salpementar e reservar.
- Nunha fonte pór varias capas de berenxenas, pataca e carne intercaladas. Ao final cubrimos cunha capa da mestura feita co leite, a manteiga e a fariña.
- Meter no forno a 200°C durante 10 minutos.

c/s: cantidade suficiente

SE ES MÁIS DE PEIXE...

Tacos de pescada e ameixa con mollo mariñeiro

Nivel de dificultade: **1** **2** **3**

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 600 gr. Pescada frita
- 200 gr. Ameixas
- 1/2 und. Cebola
- 2 und. Dentes allo
- 1 culler. Pemento doce
- 1 culler. Fariña
- 1/2 vaso. Viño branco
- 1/2 l. Caldo de peixe
- c/s Perexil picado



ELABORACIÓN:

- Dourar cebola e allo.
- Mollar co viño branco e deixar ferver dous minutos e engadir a fariña e o pemento doce.
- Engadir o caldo e deixar que levante fervor.
- Botar o peixe e as ameixas e deixar ferver 5 minutos.
- Engadir perexil picado.

c/s: cantidade suficiente

SOBREMESA

Leite frito

Nivel de dificultade: **1** **2** **3**

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 1 l. Leite
- 8 und. Ovos
- 200 gr. Azucre
- 150 gr. Fariña
- c/s Pel de limón
- c/s Canela moída



ELABORACIÓN:

- Ferver o leite cun anaco de pel de limón.
- Mesturar 5 ovos, o azucre e a fariña.
- Engadir o leite á mestura anterior e ferver ata callar.
- Estirar nunha placa engraxada e arrefriar.
- Rebozar e fritir en abundante aceite. Sacar a unha bandexa con papel absorbente.
- Esparexar canela moída.

c/s: cantidade suficiente

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es

